H. ESCENARIOS E ALTERNATIVAS PARA A XESTIÓN E RECOLLIDA DOS RSU

H.1. Escenarios e Alternativas Futuras para a mellora da Xestión e Recollida dos RSU

A análise e a diagnose elaboradas acerca do modelo actual de xestión e recollida dos RSU no Concello de Santiago de Compostela amosou notables eivas respecto, sobre todo, do tratamento da fracción orgánica, o que imposibilita cumprir cos requisitos ambientais comunitarios, e non só problemas relacionados coa fracción orgánica senón que tamén unha baixa eficacia nalgunhas tarefas, a maior parte dos cales hai que imputar ao propio modelo existente. Xunto á situación actual hai que ter en conta o futuro, sobre todo nestes momentos de cambio acelerado, tanto nas dinámicas urbanas e socioeconómicas como na tecnoloxía ou nos procesos dispoñibles como solución para determinados problemas complexos como a xestión e a recollida dos RSU.

Traballar co futuro é mergullarse nun mundo de incertidume no cal os factores e as variables que condicionan un servizo como a xestión dos RSU pode trocar e desbotar as hipóteses de partida. Ante este problema da incertidume do futuro, un método que pode axudar a reducila é a consideración de distintos escenarios, nos cales as principais variables de cambio (as "*driving forces*"), en moitas ocasións a base sobre a que dependen outras variables, acotanse dentro dun rango de valores factibles e configuran unha serie de contextos urbanos e socioeconómicos futuros.

Neste senso, e tendo en conta que cuestións como a xeración dos RSU dependen de variables sometidas a cambios, considerouse a necesidade de formular e avaliar posibles modelos alternativos para a xestión dos RSU nestes escenarios futuros, coa finalidade de comprobar a súa viabilidade. Deste xeito, a toma de decisións sobre o modelo futuro de xestión e recollida dos RSU pode posuír suficiente flexibilidade como para adaptarse a distintos contextos urbanos e socioeconómicos futuros moi diferentes.

Por iso, antes de establecer a proposta realizouse un exercicio de formulación dos escenarios socioeconómicos e urbanos futuros aos que se podería enfrontar o novo modelo, estimando a súa viabilidade. Un novo modelo futuro que, por outra parte, ha de estar o suficientemente comprobado e testado para que o seu funcionamento amose a súa operatividade, sustentabilidade e eficiencia. Polo tanto, estes modelos alternativos deben estar xa validados noutras cidades, amosando a súa capacidade operativa e sustentabilidade.

Deste xeito, a toma de decisións respecto do novo modelo futuro debe estar baseada en sistemas que xa amosaran a súa operatividade e o seu funcionamento ante contextos urbanos e socioeconómicos distintos. Nos seguintes puntos, polo tanto, realizarase unha breve análise orientado á procura das mellores solucións posibles, en particular para a recollida e xestión da fracción orgánica, e avaliarase o seu comportamento fronte a dous escenarios socioeconómicos futuros ben distintos.

H.2. Sistemas e Modelos Alternativos

H.2.1. Benchmarking

Os servizos públicos municipais na actualidade non se poden entender ou analizar dende un punto de vista estático focalizado na solución dos problemas presentes, pola contra deben entenderse coma a prestación dun servizo baseado nunha profunda planificación, é dicir cunha visión cara o futuro, adiantándose as necesidades que xurdirán ao longo do tempo, seguindo a evolución do territorio, a sociedade e o propio servizo.

Dentro do proceso da planificación necesítanse mecanismos de control, seguimento e mellora continua, que permitan coñecer o funcionamento do servizo e axustar as estratexias plantexadas para non desviarse dos obxectivos marcados. O termo *Benchmarking* está fortemente asociado ao mundo empresarial e enténdese coma o proceso sistemático e continuo que permite avaliar de xeito comparativo produtos, servizos e procesos. É posible, dun modo máis simplificado, extrapolar o concepto de comparación e detección de boas prácticas a outros campos fóra do ámbito empresarial. Trátase de entendelo máis coma a adaptación do concepto de comparación ou procesos sistemáticos á realización

dunha análise comparativa das características das diferentes tendencias na xestión dos RSU, e ser capaces de detectar metodoloxías, sistemas, implantacións ou solucións efectivas e aplicables para a xestión dos RSU do Concello de Santiago.

H.2.1.1. Alemaña. Unha política nacional orientada cara a reciclaxe

Alemaña, aínda que aumentou a xeración de residuos, creou ferramentas e estratexias onde amosou unha boa xestión dos RSU, sendo de practicamente cero a cantidade de residuos levada a vertedoiros e converténdose así no líder en reciclaxe a nivel europeo.

O seu sistema de recollida é dual. Por unha banda, a recolección dos RSU realízase a través de contedores de lixo codificados por cor e etiquetaxes segundo a fracción para depositar (embalaxes e plásticos, papel, orgánico e resto), os cales se atopan nas rúas, patios de edificios ou casas residenciais e en puntos limpos situados en parques públicos. Doutra banda, está o sistema de depósito, devolución e retorno (SDDR), empregado para recoller os envases plásticos, onde os consumidores pagan unha cantidade por cada envase que compren e devólveselles cando depositan o devandito envase nas máquinas ou lugares destinados para iso.

Unha das estratexias aplicadas para o éxito da recolección de residuos é a implementación do pago por xeración de residuos (ademais dunha taxa anual pola recolección dos residuos) e a aplicación de multas a quen non cumpra a normativa de separación. O sistema de pago por xeración é posible grazas a un sistema electrónico de identificación de colectores e a facturación diferenciada do usuario. Ademais, Alemaña promulgou leis especiais que regulan o financiamento da eliminación ou a reciclaxe do lixo. É importante resaltar que existe unha conciencia ambiental que se formou nas últimas décadas e que permitiu o éxito das políticas implementadas.

Figura H.1-2. Sistema SDDR. Fonte: https://logisticaicex.wordpress.com/2016/02/15/logistica-inversa-el-sistema-de-retorno-de-envases/

Os resultados desta estratexia nacional de xestión dos RSU amosan que a porcentaxe transformada mediante o proceso de compostaxe está en torno ao 18%, mentres que a reciclaxe alcanzou o 47%, a incineración ten un valor de 31% e a almacenaxe en vertedoiros foi practicamente eliminado (Fonte: Eurostat), cumprindo así co obxectivo pautado pola

Directiva 2008/98/CE do Parlamente Europeo e do Consello con respecto a aumentar antes de 2020 o 50% global do peso a preparación para a reutilización e a reciclaxe dos residuos materiais. Ademais de cumprir co obxectivo establecido polo Parlamento Europeo para o ano 2030 de limitar ao 5% o uso de vertedoiros.

H.2.1.2. Holanda. A aposta pola valorización enerxética

Holanda estableceu estratexias para a xestión dos RSU dirixidas cara á economía circular, obtivendo un gran éxito nos resultados. O sistema de recolección é accesible e de gran calidade de recolección, implementando a diferenciación nas fraccións a través de colectores (maioritariamente subterráneos) de residuos orgánicos, papel-cartón, plásticos e vidro. Cada concello debe ter os chamados parques ambientais, que son lugares onde a xente pode levar e separar os residuos. Ademais, nos supermercados debe haber un colector onde os consumidores poden entregar os seus empaquetados de plásticos.

A pesar dalgunhas desvantaxes ben coñecidas, unha das características particulares do modelo holandés é a súa aposta pola incineración (valorización enerxética) de alta tecnoloxía, aproveitando a mesma para xerar electricidade e vapor. Doutra banda, as empresas holandesas teñen unha longa experiencia en dixestión anaeróbica e compostaxe, xa que desde os anos noventa estableceuse como obrigatoria a separación dos residuos orgánicos en fogares e mercados. Dentro dos elementos aplicados na súa xestión están ademais a aplicación da orde de preferencia para a eliminación de residuos (xerarquía de residuos), a creación de estritas normas de tratamento de residuos, a planificación a nivel nacional, a creación dun Consello de manexo de RSU (en estreita colaboración coas autoridades locais) e a responsabilidade estendida do produtor (apoiado polo goberno cunha taxa universal de xestión de RSU ou por medio dunha lexislación).

Figura H.3-4. Sistema de Recolección e Planta de Incineración.
Fonte: https://vconsyst.com/nl/inzamelprocessen/artikelen/de-opkomst-van-de-afvalcontainer-6 e https://bioenergyinternational.com/pellets-solid-fuels/andusia-extends-contract-aeb-amsterdam-netherlands

Ao contrario doutros países, Holanda ten unha soa organización de recuperación para cada fluxo de residuos (no canto de varias) que actúan na realidade como xerentes da cadea. Organizan e controlan o proceso mediante a contratación de todas as actividades (por exemplo

a recolección e a reciclaxe). O uso de diversos instrumentos económicos para estimular a prevención e a reciclaxe son os que axudan a unha boa xestión dos residuos. Entre eses instrumentos financeiros dispoñibles, están os impostos sobre recheos sanitarios e os sistemas de taxas baseadas no volume de RSU. O imposto sobre eliminación en vertedoiro, como o nome indica, imponse cando o destino dos RSU é o recheo sanitario. No ano 2015, Holanda tratou a totalidade dos residuos xerados no pais, reciclou ao redor do 24%, compostou o 27%. Sen embargo, a cifra de incineración aumentou ata o 47%, se ben os RSU que foron a vertedoiro practicamente foron nulos (a súa porcentaxe non chega ao 2%) (Fonte: Eurostat). De igual xeito que o caso anterior, Holanda cumpre tanto co obxectivo de reciclaxe como o de vertedura establecidos pola Directiva Europea.

H.2.1.3. Milán

A pesar de partir dunha situación moito peor que nos casos anteriores, en Italia no ano 2015 lograron diminuír a porcentaxe de RSU destinados a disposición final en vertedoiros ata o 26,5% do total de residuos xerados. O aumento dos residuos que foron reciclados foi do 26%, os orgánicos que se levaron a plantas de compostaxe do 17% e aqueles que foron incinerados do 19%, o que contribuíu neste cambio de traxectoria en Italia (Fonte: Eurostat).

Unha das cidades de Italia que xerou unha revolución satisfactoria con respecto á xestión dos RSU é Milán, con maiores porcentaxes de reciclaxe que están no 55-60%. A estratexia desta cidade centrouse na recollida da fracción orgánica dos residuos municipais (FORM) a través do sistema porta-porta. Ata 2012 recollíase unicamente a grandes xeradores, logrando unha cifra de reciclaxe do 35%. Desde 2013 estendeuse a recollida da FORM ás familias, e con iso alcanzouse un 50% de reciclaxe. Para acadar este porcentaxe establecéronse zonas de transferencia da materia orgánica cada 5 -10 km, e finalmente a materia termina nunha planta de compostaxe e biometanización, situada a 70 km da cidade. As bolsas onde se depositan os residuos orgánicos deben ser biodegradables, pero en Italia son as que se ofrecen de forma habitual nos comercios, xa que está prohibido outro tipo de bolsas, e a fracción resto recóllese con bolsas transparentes. Ademais, existe un responsable nos edificios residenciais para sacar os cubos de residuos cos materiais axeitados. A fracción orgánica recóllese dúas veces á semana nas casas, e entre 4 e 6 veces en hostalería e grandes xeradores. Eses mesmos días recóllese tamén en bolsas separadas outras fraccións como os envases lixeiros, vidro e papel/cartón.

Figura. H.5-6. Recolección e transporte de Materia Orgánica. Fonte: http://www.milanotoday.it/green/rifiuti-differenziata-classifica-europa.html e https://www.plasticstoday.com/content/milano-recycle-city-conference-showcases-city-s-successful-organic-waste-collection-model/14498854720676

É necesario remarcar que os servizos municipais avisan se un colector non ten os materiais adecuados, as primeiras veces cun adhesivo e a continuación deixando o colector sen recoller. Teñen un equipo de inspectores, que ademais de comprobar que a separación é correcta, tamén falan e informan aos veciños das comunidades para resolver dúbidas e evitar erros de separación. En Italia hai varios mandatos lexislativos imprescindibles: a elevada taxa nacional á vertedura, a obrigatoriedade da rexión de Lombardía de separar a fracción orgánica dos residuos, e de proporcionar bolsas compostables e biodegradables nos comercios.

Figura H.7. Bolsa de Supermercado en Italia. Fonte: propia

H.2.1.4. O País Vasco. A aposta pola Compostaxe

No contexto do Estado Español, o País Vasco é un dos territorios que nos últimos anos destacou no relativo á xestión dos RSU. En materia de recollida, o contedor é o sistema maiormente utilizado, aínda que existen lugares onde se implementou a recollida porta a porta obtendo resultados de recollida selectiva exitosos e con baixo contido de impropios, pero depende da zona xeográfica a implementación de cada modelo determinado. Na actualidade, existen unidades específicas para a recollida e separación selectiva da fracción orgánica, vidro, envases, papel/cartón, recollida en masa de resto e outras fraccións concretas. Ademais, no Territorio de Guipúscoa téñense colectores con chip para a fracción resto e orgánica.

Para dar cumprimento á Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados (LRSC 22/2011), no Plan de Prevención e Xestión de Residuos da CAPV 2020 incorpórase como obxectivo o fomentar o autocompostaje en zonas rurais ou compostaxe comunitaria en zonas residenciais de baixa densidade, aquí o produtor é o encargado de asumir o traslado dos residuos. Doutra banda atópanse os puntos limpos (garbigunes), a entrega no punto de venda e a devolución ao subministrador.

Dentro dos diferentes posibles exemplos de boas prácticas no País Vasco, un dos máis destacados é o concello de Usurbil, que realiza a recollida porta a porta de catro fraccións (materia orgánica, resto, papel/cartón e envases lixeiros) e dispoñen de contedores de vidro, ademais de realizar compostaxe doméstica. O concello conta cunha ordenanza para a recollida e tratamento de residuos urbanos (BOG 2009-1-15), instrumentos económicos tales como a bonificación do 40% na taxa dos residuos por autocompostaxe e en comercios e actividades industriais aplican o pago por xeración, logrando así no ano 2010 unha porcentaxe de recollida separativa do 80% e autocompostaxe de 31%[i]

Figura H.8-9 Recolección de Materia Orgánica. Fonte:http://www.eitb.eus/es/noticias/sociedad/detalle/4423494/ayuntamiento-bilbao-extiende-quinto-contenedor-5-barrios/ e http://www.gipuzkoazz.com/zerozabor/atez-ateko-bilketa/que-es-la-recogida-puerta-a-puerta/

A Comunidade do País Vasco con respecto ao tratamento dos residuos ten un punto débil que é a escaseza de infraestruturas para a valorización dos residuos o que xera que teñan que trasladar os seus residuos a outras comunidades autónomas o cal tamén explica a súa aposta pola compostaxe comunitaria, entre outras razóns técnicas e estratéxicas. Dentro dos instrumentos que o País Vasco actualmente utiliza para a prevención e xestión dos RSU, a cal posibilita acadar os seus obxectivos estratéxicos, destacan os instrumentos normativos para a regulación da vertedura de residuos, os instrumentos de coordinación entre axentes, creando o Organismo de Coordinación de Residuos Urbanos, os acordos voluntarios cos principais xeradores de residuos, os instrumentos de sensibilización, a formación e información, os instrumentos de investigación, a innovación e xeración de coñecemento apostando polo ecodiseño como eixo principal de actuación, as subvencións a entidades públicas e privadas en materia de residuos a través de axudas para o desenvolvemento de proxectos en beneficio do medio ambiente, os instrumentos de vixilancia e control e os inventarios anuais de residuos sendo a base para o seguimento e control do plan[ii].

H.2.1.5. Cataluña

A xestión dos RSU a nivel español converteuse nos últimos anos nunha das prioridades na xestión ambiental e aceleráronse os cambios experimentados debido ás normativas implementadas a nivel europeo na materia. Dentro deste marco de cambio regulamentario Cataluña estableceu a Directiva de residuos 2008/98/CE como punto de partida no modelo de xestión, polo que está orientado á reciclaxe ou á valorización do material como principal opción en fronte da valorización enerxética e a eliminación (vertedura).

A separación en orixe é unha das medidas mais exitosas implantadas para diminuír a xeración e mellorar a calidade do residuo para ser valorado posteriormente. En Cataluña cada ente local con competencia na xestión dos residuos é o encargado de definir o modelo máis axeitado ao seu territorio. Por iso, nos sistemas municipais atópanse distintos modelos de

separación, sendo o máis destacable o de cinco (5) fraccións, co cal se separan as fraccións de materia orgánica, vidro, papel/cartón, envases lixeiros e resto, a través de distintas modalidades de recollida como contedores, pneumática, porta a porta e puntos limpos. Os resultados da recollida selectiva amosan unha significativa variación dependendo das características dos mesmos, os sistemas de recollida e as campañas de información e concienciación despregadas. Así, as porcentaxes de recollida selectiva oscilan entre máis do 80 % nos que posúen mellores resultados e o 2 – 4 % nos que amosan peores resultados, cun promedio de 38,53 % para toda Cataluña. No caso daqueles concellos que contan cun sistema de recollida Porta a Porta, os resultados obtidos atópanse na zona superior, tanto respecto da porcentaxe (60 – 80 %) recollida como da súa calidade. Tense como caso de éxito na recollida selectiva o municipio de Argentona (Barcelona), co 63,83% (fonte: *http://estadistiques.arc.cat/ARC/#*, ano 2016) de recollida selectiva, sendo a súa xestión destacable por realizar a recollida de residuos a través do sistema porta a porta e polo modelo pago por xeración (Taxa Xusta) para as fraccións rexeito e envases. Outro caso de éxito é o de Sant Just Desvern coa recollida selectiva do 52,60% (2016), tendo illas de colectores en áreas de beirarrúa próximas ao cidadán, a introdución de máis recollidas comerciais e o plan de control e mellora continua no servizo de recollida de residuos.

Unha vez os materiais son recollidos selectivamente destínanse a procesos de reciclaxe e reutilización. En Cataluña, creáronse varias ferramentas para a reciclaxe como o son A Rede Compra Reciclado que é un espazo de encontro entre oferentes e demandantes de produtos reciclados, reciclables e/ou biodegradables para promover o mercado destes produtos. Ademais, promóvese o desenvolvemento dun mercado de produtos e servizos ecolóxicos. Doutra banda, procédese ao tratamento de residuos a través da incineración e vertedura controlado cando a valorización do material non é viable. Cataluña conta cun canon de vertedura e incineración de residuos municipais, que é un instrumento que demostrou a súa efectividade para a diminución destes tipos de tratamento e así aumenten os niveis de recollida dos residuos.

Figura H.10. Campaña contra as bolsas plásticas.

Fonte: http://residus.gencat.cat/ca/ambits_dactuacio/prevencio/pacte_per_la_bossa/

Tamén implementaron varias medidas para a prevención dos residuos dentro das cales están: a prohibición da entrega gratuíta de bolsas de plástico nos comercios por medio da lei 5/2017, o Plan empresarial de prevención de residuos de envases (A Axencia de Residuos de Cataluña a través de Ecoembes aproba plans aos envasadores que marcan obxectivos de redución da cantidade e residuos de envases xerados pola posta no mercado do produto comercializado), as campañas e xornadas para a prevención da xeración de residuos e os premios a produtos innovadores con base no ecodiseño. Dentro dos resultados acadados no ano 2016, rexistrouse que a recollida selectiva é do 38.53%, a incineración do 18,43%, o vertido do 34,11% e outros tratamentos do 8.93%[iii].

H.2.1.6. Flandes. A Prevención como estratexia.

A rexión de Flandes (Bélxica) é un exemplo de prevención da xeración de residuos coas medidas que implementou no seu plan de xestión de RSU. No ano 1981 creouse a Axencia Pública de Residuos de Flandes (OVAM) que é a organización encargada do control e xestión dos residuos municipais e a recuperación do solo. Unha das primeiras medidas adoptadas foi promover a separación en orixe, outorgar subsidios para a construción de plantas de compostaxe e reciclaxe e lograr a diminución da cifra de xeración de residuos. Todo isto foi logrado mediante lexislación que apoia unha xestión dos RSU baseada na prevención. Outra das medidas implementadas é a xestión de residuos vexetais, froitas e restos de xardinería para a súa compostaxe, promovendo a creación de novas plantas de compostaxe.

A OVAM establece acordos cos concellos onde se obriga a realizar campañas de prevención da xeración de residuos, a entrega de asistencia técnica ou financeira aos cidadáns para que poidan reducir os seus residuos, o financiamento de campañas específicas e a promover programas de compostaxe doméstico. Dentro das ferramentas de prevención da produción de residuos que creou a OVAM mediante o deseño e o consumo sustentable atópanse: ecolizer (permite estimar o impacto ambiental dos produtos na súa fase de deseño), a avaliación de eficiencia ecolóxica (identifica puntos de intervención en redución de residuos, eficiencia enerxética e hídrica, reciclaxe, etc.), MAMBO (programa para calcular os custos asociados aos residuos), subsidios e incentivos a comercios que xestionen a reutilización de produtos e lexislación de responsabilidade estendida ao produtor (obriga a produtores a retirar os residuos xerados polos seus produtos para cumprir metas de recolección e recuperación).

Outras das estratexias de prevención son a aplicación de impostos por residuos xerados dependendo do tipo de fracción (pague polo que bota), a aportación de ferramentas que permiten calcular a pegada ecolóxica de eventos para previr a xeración de residuos durante a súa realización e campañas diversas de prevención (por exemplo, fomento do uso da auga de billa, compra de produtos por xunto, redución de publicidade entre outras, etc.).

H.2.1.7. Sistemas de Recollida Avanzados

No contexto europeo hai unha notable diversidade de solucións tecnolóxicas para a recollida dos RSU. A continuación sinálase algún deles.

- **Bélxica**

O sistema de recollida implementado en Bélxica proporciónalle ao cidadán maior facilidade e máis opcións para a disposición correcta dos residuos, o que fai que participen de forma exitosa na recollida dos mesmos. Por isto, Bélxica logrou grandes cifras de reciclaxe, xa que achega ao cidadán os medios necesarios para que se acade ese fin. O sistema que a maioría das cidades belgas empregan é unha combinación de recolección porta a porta dalgunhas fraccións de RSU nos horarios e días establecidos combinado con contedores instalados nas rúas e centros de entrega (que se encargan do 50% dos residuos domésticos) localizados preto aos cidadáns e onde eles entregan os seus residuos separados. Ademais inclúen un sistema de recollida de residuos do sector comercio polo miúdo. Os sistemas de recolección e tratamento son financiados mediante un imposto fixo anual e o sistema de imposto *pague polo que bota*.

- **Tiana (Barcelona)**

O Concello de Tiana implementou na súa recollida de residuos urbanos un sistema porta porta de dúas fraccións, baseado en dous cubos, un para a materia orgánica e outro para a fracción resto, que se entregan a cada domicilio. O cubo de materia orgánica está personalizado con tecnoloxía de identificación por chip. Coa implantación desta tecnoloxía, perséguense os seguintes obxectivos:

– Unha menor presenza de bolsas nas rúas e nas papeleiras, e un menor uso dos contedores de emerxencia.

– Un novo cubo para o rexeitamento, que permite ter as rúas máis limpas.
– Unha mellor e máis rápida detección de incidencias do servizo de recollida e a posibilidade de recuperar os cubos extraviados.

Este proxecto desenvolveuse co apoio, financiamento e colaboración da Axencia de Residuos de Cataluña, a área Metropolitana de Barcelona e a Deputación de Barcelona. En 2016, Tiana chegou a separar o 86,36% dos residuos e foi escollido pola Axencia de Residuos de Cataluña como protagonista da campaña dos "Super Recicladores[iv].

Figura H.11. Recollida Porta Porta. Fonte: https://www.residuosprofesional.com/tiana-incrementa-en-mas-de-toneladas-la-recogida-de-organica-en-dos-meses-gracias-los-cubos-con-chip/

H.2.1.8. O Transporte e tecnoloxía innovadora

- **Cascais (Portugal)**

Cascais introduciu no sistema de recollida e transporte de residuos urbanos tecnoloxía innovadora. Esta tecnoloxía trátase do uso conxunto da plataforma MAWIS de MOBA e sondas de lectura do nivel de enchido de contedores para a posterior comunicación desta información a distancia mediante o sistema SMARTBIN. Isto lógrase a través duns sensores que se adaptan na tapa superior do colector, os cales emiten informes a través de redes a SmartBin, que son monitoreados polo centro de control de Cascais Ambiente, e planifica as rutas de recolección optimizadas para os seus condutores.

As principais características da xestión de residuos a través deste sistema son as seguintes:

– Planificación e optimización de rutas de recollida.
– Visualización das rutas dos vehículos.
– Información en liña do nivel de enchido dos contedores.
– Rexistro automático da recollida dos residuos dos contedores.

Os resultados que logrou obter Cascais a través deste sistema é o aforro de ata 900.000€ na súa operación de recolección neste ano, reembolsándose o seu investimento en SmartBin en aproximadamente 6 meses cos resultados xa alcanzados. Dentro doutras vantaxes deste sistema está a redución dos puntos de colección de ata o 50%, a mellor xestión dos recursos, a redución das emisións de CO_2 e a presenza de camións nas vías só cando é necesario, o que reflicte en cidadáns máis contentos co servizo e a diminución das queixas[v].

- **Sant Cugat (Barcelona)**

No ano 2009, o Concello de Sant Cugat, no seu afán de mellorar e unificar o servizo de recollida, limpeza e transporte de residuos, implementou un sistema de mellora continua, mediante o uso de tecnoloxía avanzada para o cal se realizaron as seguintes accións:

– Adquisición de vehículos biocompartimentados que recollen 2 fraccións á vez.
– Colocación de sensores no 100% dos contedores.
– Todos os vehículos de recollida, a parte da localización, incorporan sistema RFID de identificación de colectores e pesada de carga e así poden optimizar rutas (ou aumentar frecuencias). O sistema

permite comparar as rutas realizadas coas establecidas, así como os traxectos de traslado nos que se traballou.

- Incorporáronse vehículos de carga lateral eléctricos cun rendemento excelente e baixas emisións sonoras.
- Todos os vehículos motorizados dispoñen dun *display* para entrar incidencias.

Unha vez posto en marcha o novo servizo realizouse e implementouse o plan de control e mellora continua mediante a metodoloxía Lean Government obtendo os seguintes resultados:

- Redución do gasto e mellora no servizo.
- Mecanismo obxectivo e transparente para a facturación do servizo.
- Optimización das rutas do servizo[vi].

Figura H.12. Sistema de monitorización de transporte. Fonte: http://www.moba-ise.com/tecnologias/gps-y-comunicaciones



Figura H.13. Sistema de monitorización de transporte. Fonte: http://www.moba-ise.com/tecnologias/gps-y-comunicaciones

H.2.1.9. Holanda. A eliminación dos vertedoiros

O proceso de tratamento dos RSU consiste en extraer materiais ou substancias que poderán volver a introducirse no ciclo produtivo, xerándose deste xeito unha redución no consumo de recursos e as emisións de gases de efecto invernadoiro. Un dos países con mellor xestión no tratamento dos residuos é Holanda.

Holanda, ao ser un país pequeno e a nivel do mar, non pode desperdiciar espazo en vertedoiros e non se arrisca a enterrar os residuos para non contaminar as augas. Para lograr unha alta cifra de reciclaxe, incluíndo a compostaxe (51,8%), introducíronse impostos sobre a vertedura dos residuos e a prohibición de vertedura de 35 fluxos de residuos, mediante unha lei de responsabilidade estendida ao produtor (os produtores de certos residuos teñen que recoller os produtos cando se termine a súa vida útil), normas de calidade do aire para a incineración, normas de calidade de fertilizantes orgánicos (bio-refugallos) e taxas baseadas no volume de refugallos.

Con respecto á compostaxe, a separación dos residuos orgánicos en fogares e mercados é obrigatoria, o que influíu na creación de modernas

instalacións de compostaxe. Outra maneira coa que Holanda trata os residuos orgánicos é a través dun sistema pechado, xerando electricidade ou converténdoos en gas natural. Os RSU que non poden ser reciclados incinéranse, aproveitando este tratamento para xerar electricidade e vapor (utilizado en certos casos para redes de calefacción centralizadas). As plantas holandeses son moi innovadores e de avanzada tecnoloxía o que implica que non existe risco de emisións de dioxina.

H.2.1.10. A Compostaxe Comunitaria

Dentro dos posibles exemplos sobre Compostaxe Comunitaria, en Galicia contase con dúas experiencias que comezan a dar os seus froitos

- **Deputación de Pontevedra**

Figura H.14. Plan Revitaliza Pontevedra. Fonte: http://www.ceida.org/es/otros-proyectos/programa-educativo-la-gestion-de-los-residuos-en-la-provincia-de-pontevedra-el

A Deputación de Pontevedra creou o Plan Revitaliza, mediante o cal divulga ás comarcas o sistema de compostaxe e os seus beneficios económicos e ecolóxicos. Na primeira fase (demostrativa) do plan a Deputación instalou máis de 30 compostadores nos concellos que previamente se apuntaron e mostráronse interesados polo mesmo. A Deputación forneceu e instalou as unidades modulares de compostaxe, ademais de poñer a disposición un mestre composteiro que ten como función dar soporte técnico, formativo e participar activamente dos traballos físicos xunto cos veciños.

A segunda fase (adhesión e subvencións) levouse a cabo logo de demostrar o éxito da primeira é permitiu aos concellos obter plans de residuos personalizados, ademais de formación para o persoal e axudas para a compra de composteiros comunitarios e individuais. O centro socio-asistencial de Príncipe Felipe foi a primeira illa piloto na que se instalaron varios centros de compostaxe comunitaria. Todos os residuos orgánicos que se xeran na Cidade Infantil (que equivale a un municipio cunha poboación de entre 1.500 e 2.000 persoas) son tratados en dous compostadores localizados no interior do recinto e outro nas inmediacións do CIFP Carlos Oroza. Ningún resto de comida ou vexetal sae para o seu tratamento externo. Ademais, a poda de árbores e outros elementos leñosos do centro serven como estructurante para a compostaxe. O centro Príncipe Felipe produciu o seu primeiro compost despois de tres meses de proceso, obtendo un produto de máxima calidade. Este utilízase como fertilizante para os xardíns e as hortas urbanas do centro de Pontevedra. Algunhas das consecuencias da compostaxe en Príncipe Felipe foron a mellora da recollida selectiva das demais fraccións, a separación correcta do lixo orgánico e do resto de residuos. Trátase do único centro das súas características en todo o Estado español que está a xestionar deste xeito o seu lixo, cumprindo con creces os parámetros que a Unión Europea marca para 2020: non só chega ao 50 % de reciclaxe, senón que rolda o 80%[vii].

Logo desta experiencia fóronse sumando municipios entre os que están Gondomar, Mos, A Cañiza, Covelo, Mondariz, Mondariz balneario, As Neves, Pazos de Borbén, A Estrada, Agolada, Cerdedo, Cotobade, Dozón, Rodeiro, Vila de Cruces, Barro, Ribadumia, Valga, Silleda, Salvaterra e A Lama.

- **Allariz**

O Concello de Allariz realizou o programa RE onde pretende concienciar aos veciños sobre a reciclaxe, facendo especial fincapé na compostaxe.

A primeira fase do proxecto foi a información e concienciación dos veciños, dotación loxística e repartición de composteiros individuais para as vivendas que os solicitaron e a creación de zonas para composteiros comunitarios.

Allariz instalou 24 illas de compostaxe no casco urbano que recollerá a materia orgánica de aproximadamente 15 familias por illa y 130 composteiros individuais entre os veciños, o que xera o peche do ciclo da zona, non necesitando transporte para o tratamento desta fracción e reducindo desa maneira a pegada de carbono.

Isto posibilitou una redución do 16% dos RSU que xestionaba como resto, ademais dunha mellora substancial no resto de recollidas selectivas e na percepción social e ambiental do territorio.

H.2.1.11. PRECAT. O seguimento dos procesos orientados a resultados.

Cataluña no seu Programa Xeral de Prevención e Xestión de Residuos 2020 (PRECAT20) define un plan de seguimento e avaliación continua, onde desenvolve unha serie de indicadores para poder avaliar o grao de desenvolvemento do programa e facer un seguimento do cumprimento dos obxectivos.

Os indicadores están principalmente vencellados a obxectivos cuantitativos baseados en aspectos medibles por medio de instrumentos existentes (como estatísticas desenvolvidas pola Axencia de Residuos de Cataluña). Ademais, están clasificados segundo o estado de xerarquía de xestión dos residuos (prevención, preparación para a reutilización, recollida selectiva, valorización, eliminación, emisións de gases de efecto invernadoiro) ao que se pode asociar o fluxo sobre o cal actúa. Establécense prazos para verificar os obxectivos e tómanse medidas respecto diso.

H.2.2. Boas prácticas dos Modelos

De todas as experiencias anteriormente descritas pódense tomar as mellores aplicacións en canto á xestión de residuos que levaron a obter bos resultados con respecto aos obxectivos estipulados polas normativas europeas e estatais, incluíndo a iso o beneficio que leva para a sociedade e o medio ambiente. A continuación, noméanse as máis sobresaíntes:

- Sistemas de recolección de residuos deseñados para unha separación diferenciada e recollida efectiva (con baixos niveis de impropios) que faciliten o aproveitamento e tratamento posterior dos mesmos. Dous dos sistemas empregados que presentan bos resultados son:
  - A recolección a través de contedores de lixo codificados por cor e etiquetaxes segundo a fracción, as cales atópanse nas rúas, patios de edificios ou casas residenciais e en puntos limpos situados en parques públicos.
  - A recolección e o porta a porta dalgunhas ou todas as fraccións de residuos e establecer menores frecuencias de recollida da fracción resto, diminuíndo a pegada de carbono.
- Sistemas de fácil acceso ao cidadán para depositar os residuos como os parques ambientais (puntos limpos). Ademais, nos supermercados colocar un colector onde os consumidores entreguen os seus empaquetados de plásticos ou sistema de depósito, devolución e retorno (SDDR), que ademais devolve ao consumidor o deposito que pagou polo envase no momento de compralo.
- Implementación de taxas e impostos que obriguen ao cidadán para xerar menos residuos e separar en orixe. Por exemplo, pago por xeración de residuos e a aplicación de multas a quen non cumpra a normativa de separación, ademais dunha elevada taxa nacional á vertedura.
- Estratexias para a xestión de residuos dirixidas cara á economía circular, por exemplo a prohibición de dar bolsas non biodegradables

nos comercios, innovación e xeración de coñecemento apostando polo ecodiseño, subvencións a entidades para ou desenvolvemento de proxectos en beneficio do medio ambiente, ferramentas para o cidadán para a reciclaxe, desenvolvemento dun mercado de produtos e servizos ecolóxicos.

- Aplicación de tecnoloxía innovadora na recollida e transporte dos residuos para diminuir a pegada de carbono.
- No caso onde se utilice a incineración (valorización enerxética) para o tratamento dos residuos, a utilización de alta tecnoloxía e aproveitamento da mesma para xerar electricidade e vapor sería unha das mellores opcións.
- Utilización da compostaxe como prevención ou recolección e tratamento de residuos orgánicos, concienciando e sensibilizando aos cidadáns.
- Creación de instrumentos de sensibilización, formación e información, e campañas de concienciación ao cidadán.
- Instrumentos de seguimento e control que facilite a inspección dos resultados obtidos con respecto á xestión dos residuos aplicados.

H.3. Modelos Alternativos para a Xestión dos RSU

A análise dos distintos sistema de xestión dos RSU considerados como Boas Prácticas, sinalados no punto anterior, permite formular Modelos Alternativos para levar a cabo esta tarefa no Concello de Santiago de Compostela nas mellores condicións posibles. A formulación dos Modelos Alternativos para a Xestión dos RSU ten que partir daqueles factores chave para o sistema, nos cales a intervención permita realizar un salto cualitativo e cuantitativo importante respecto das súas distintas dimensións, mellorando e aproximando os resultados aos estándares e requirimentos esixidos tanto polo marco de regulación como pola cidadanía. Se ben é certo que como sinalouse na diagnose no sistema de xestión e recollida de RSU do Concello de Santiago de Compostela existen claras eivas relacionadas con distintos aspectos, o principal esforzo debe ser realizado no campo da recollida da fracción orgánica, xa que aínda non existe, máis aló de experiencias parciais e puntuais, un sistema que trate de xeito separativo esta fracción.

Por iso, a formulación de Modelos Alternativos para a xestión e a recollida dos RSU no Concello de Santiago de Compostela focalizarase na fracción orgánica, que será o punto crítico que condicionará o resto do sistema desde unha perspectiva integrada xa que, dun xeito ou outro, na actualidade estase a realizar unha recollida selectiva nas fraccións de envases lixeiros, vidro e papel - cartón. Tendo en conta as distintas experiencias europeas e nacionais analizadas, as cales amosan unha certa homoxeneidade en canto ao tratamento da fracción orgánica mediante compostaxe e pola contra unha certa heteroxeneidade respecto da recolección ou a recollida da mesma, que obviamente está vencellada ao sistema de tratamento, ben en grandes plantas de compostaxe ou ben en mediante pequenas illas de compostaxe cunha maior distribución espacial polo territorio; formuláronse dous grandes Modelos Alternativos: un modelo baseado na extensión da Compostaxe Comunitaria a todo o territorio municipal e outro modelo baseado na extensión da recollida mediante 5º Contedor. Obviamente, trátase de modelos extremos que na súa traslación á realidade precisan dunha maior concreción espacial dependendo dos distintos factores que inflúen nos modelos de xestión e recollida de RSU.

Neste senso, hai que ter en conta que o obxectivo é determinar cal dos dous modelos formulados é o máis axeitado, desde distintos puntos de vista, para a xestión e recollida dos RSU en cada unha das zonas nas que se dividiu o termo municipal de Santiago de Compostela, tendo en conta as vantaxes e desvantaxes de cada un deles. En certo xeito, o modelo definitivo será unha combinación de ambas alternativas, no que a cada zona corresponderá aquel que mellor se axeite ás súas características urbanas, rururbanas ou rurais e os condicionantes existentes.

H.3.1. Modelo 1. Compostaxe Comunitaria

O primeiro dos Modelos Alternativos formulados respecto do sistema de

xestión e recollida dos RSU no Concello de Santiago de Compostela consiste na extensión a todo o termo municipal, independentemente das súas características urbanas ou rurais, do sistema de Compostaxe Comunitaria, complementado co sistema de compostaxe individual naquelas zonas onde por non existir densidade de vivenda suficiente non sexa axeitado. Deste xeito, este primeiro *Modelo 1. Compostaxe Comunitaria* trátase da distribución descentralizada por todo o territorio municipal do tratamento da fracción orgánica mediante illas de compostaxe, entendidas como espazos axeitados para a realización da compostaxe mediante elementos destinados para tal fin.

Figura H.15. Illa de Compostaxe Comunitaria como base do Modelo Alternativo 1. Fonte: Propia

H.3.2. Modelo 2. 5º Contedor

O segundo Modelo Alternativo formulado consiste na recollida da fracción orgánica mediante 5º Contedor en todo o termo municipal para o seu posterior tratamento en Planta. Deste xeito, este *Modelo 2. 5º Contedor* supón continuar co sistema actual pero engadindo unha quinta fracción á orgánica, pero realizando o seu tratamento de xeito centralizado nunha planta específica. Non obstante, nalgunhas zonas rurais de moi baixa densidade este modelo mediante 5º Contedor pode ser complementado por zonas de Compostaxe Comunitaria.

Figura H.16. Batería de 5 Contedores como base do Modelo Alternativo 2. Fonte: Propia

H.4. Escenarios Futuros do Servizo de RSU

Unha cuestión chave para comprobar a viabilidade dos Modelos Alternativos formulados de cara a mellora do sistema de xestión e recollida dos RSU está relacionado co seu comportamento respecto a distintos factores con influencia na xeración dos mesmos e a súa evolución no tempo. Neste senso, sen dúbida, a demanda existente, principalmente baseada na poboación e nas actividades, condicionará o volume de RSU a recoller e tratar, xunto con outros factores como a renda dispoñible ou o nivel educativo, entre outros, tal e como se recolle na imaxe seguinte.

Desenvolvemento Urbano	•Desenvolvemento do PXOM
Espazos Libres e Verdes	•Espazo disponible para compostaxe comunitario ou instalacións
Actividades	•Composición RSU •Xeneración de RSU
Capitalidade	•Centros Administrativos •Poboación Flotante
Universidade	•Nivel Educativo •Poboación Flotante -> 20K – 30K. Evolución
Trama Urbana	•Densidade •Accesibilidade •Espazos peonís e restricións de tráfico •Ordenanzas •Condicionantes Ambientais -> Regulación



Figura H.17. Factores influentes na xeración de escenarios

Tendo en conta estes factores de carácter socioeconómico que inflúen na xeración de RSU formuláronse tres contextos urbanos futuros, cada un deles tendo en conta as principais forzas de cambio ou condutoras de evolución plausibles nos horizontes temporais barallados. Neste senso, analizando estes factores determinouse que o factor crítico era o demográfico, en particular o crecemento da poboación residente, desde o punto de vista socioeconómico, e a trama urbana desde o punto de vista espacial. Respecto do resto de factores considerábase que ou ben estaban fortemente relacionados co crecemento da poboación ou o seu impacto era moi baixo.

Deste xeito, formuláronse tres grandes contextos socioeconómicos futuros para dous horizontes temporais, o 2024 e o 2030, analizando o crecemento da poboación residencial, tanto da censada como da residente non censada que pernocta cunha certa continuidade ao longo do ano (estudantes universitarios, funcionarios,...) mediante alugueiros de mínimo todo o curso lectivo. Non obstante, respecto desta poboación residente non censada considerouse unha hipótese conservadora na cal mantense ou diminue a súa magnitude, debido ás melloras no transporte e o descenso da poboación universitaria. Estes tres grandes escenarios son: o tendencial, o estático e o dinámico.

- **Escenario Tendencial** caracterizase polo continuidade da taxa de crecemento dos últimos 10 anos no Concello de Santiago de Compostela, aplicando un crecemento homoxéneo para todas as súas zonas.
- **Escenario Estático** consiste no mantemento da poboación actual, sen apenas crecemento agás nalgunha zona na cal é previsible un mínimo debido a que se atopa en proceso de urbanización e nas zonas que na actualidade posúen capacidade para absorber a poboación residente non censada.
- **Escenario Dinámico** caracterízase por considerar a taxa de crecemento recollida no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Santiago de Compostela actualmente vixente, e que foi a empregada para dimensionar o crecemento urbano futuro e a oferta de vivendas futuras. Esta taxa de crecemento foi distribuída segundo zonas tendo en conta a porcentaxe de solo urbanizable existente e a capacidade de absorción da poboación residente non censada.

Na seguinte táboa amósanse as taxas de crecemento aplicadas por cada zona espacial e a poboación esperada para cada unha delas. Non obstante, cada unha das zonas foi corrixida segundo o seu crecemento nos últimos anos e o crecemento da vivenda e a súa capacidade de absorción da poboación residente non censada.

- Escenario Tendencial

ZONA	ANO - 2024		ANO - 2030	
	TAXA CRECIMENTO	POBOACIÓN	TAXA CRECIMENTO	POBOACIÓN
Casco Vello - Galeras - Bonaval	1,04	14.868	1,07	15.127
Conxo - Castiñeiro		16.046		16.416
Ensanche		13.429		13.723
Fontiñas		11.529		11.764
Leste		1.828		1.830
Norleste		2.971		2.974
Noroeste		759		759
Norte		1.029		1.031
Oeste		3.801		3.812
San Lazaro		2.509		2.546
Sar		6.271		6.386
Sur		4.043		4.101
Surleste		3.617		3.620
Suroeste		4.781		4.794
Vite - San Caetano		12.206		12.456

Táboa H.1. Poboación Futura para Escenario Tendencial

- Escenario Estático

ZONA	ANO - 2024	ANO - 2030
	POBOACIÓN	POBOACIÓN
Casco Vello - Galeras - Bonaval	14.507	14.507
Conxo - Castiñeiro	15.459	15.459
Ensanche	12.912	12.912
Fontiñas	11.060	11.060
Leste	1.820	1.820
Norleste	2.967	2.967
Noroeste	759	759
Norte	1.025	1.025
Oeste	3.787	3.787
San Lazaro	2.470	2.470
Sar	6.107	6.107
Sur	3.939	3.939
Surleste	3.614	3.614
Suroeste	4.763	4.763
Vite - San Caetano	11.803	11.803

Táboa H.2. Poboación Futura para Escenario Estático

- Escenario Dinámico

ZONA	ANO - 2024		ANO - 2030	
	TAXA CRECIMENTO	POBOACIÓN	TAXA CRECIMENTO	POBOACIÓN
Casco Vello - Galeras - Bonaval	1,04	14.868	1,07	15.127
Conxo - Castiñeiro	1,33	21.404	1,56	24.178
Ensanche	1,04	13.429	1,07	13.723
Fontiñas	1,04	11.529	1,07	11.764
Leste	1,04	1.828	1,07	1.830
Norleste	1,04	2.971	1,07	2.974
Noroeste	1,04	759	1,07	759
Norte	1,04	1.029	1,07	1.031
Oeste	1,13	3.858	1,24	4.970
San Lazaro	1,13	2.671	1,24	2.969
Sar	1,04	6.271	1,07	6.386
Sur	1,13	4.285	1,24	4.536
Surleste	1,13	3.997	1,24	4.349
Suroeste	1,13	4.843	1,24	5.772
Vite - San Caetano	1,33	16.295	1,56	18.591

Táboa H.3. Futura para Escenario Dinámico



Figura H.18. Evolución da Poboación nos distintos Escenarios

Por outra parte, limitouse ao máximo posible e dun xeito conservador a influencia dalgúns factores condutores, ben debido áncertidume existente ou ben debido á súa evolución nos últimos anos. Así, a poboación universitaria que ata hai poucos anos era un factor de incremento da poboación no período lectivo non se considerou como crifica, xa que hai unha clara tendencia á súa diminución nos últimos anos na Universidade de Santiago (USC) e, ademais, a apertura do Eixo Atlántico Ferroviario, que reduciu de forma significativa os tempos de viaxe entre as principais cidades galegas, posiblemente supoña unha clara diminución da poboación universitaria que vai residir durante o curso. Outros factores como o nivel de renda, o nivel educativo ou a evolución económica non se tiveron en conta, xa que non é agardable que suceda un cambio significativo nos próximos anos que puidera modificar de xeito relevante os patróns de consumo e, polo tanto, de xeración de RSU.

Polo tanto, a través destes modelos de recollida alternativos (a Compostaxe Comunitaria e o 5° Contedor) aplicados a cada un dos escenarios temporais de poboación críticos, trátase de determinar cal deses modelos é o máis axeitado para cada zona en función dunha serie de variables ou factores, que poden considerarse invariables e iguais ou semellantes

na súa magnitude independentemente do modelo de sistema de recollida contemplado. Deste xeito, formúlanse catro grandes escenarios futuros, máis a continuidade do sistema actual, entendidos como unha exploración esquemática do funcionamento de cada un dos modelos alternativos de recollida antes distintas proxeccións da poboación. Así, trátase de investigar a robustez e funcionamento do modelo de recollida alternativa ante os distintos escenarios de poboación para os horizontes temporais de 2024 e 2030.

A partir da consideración destes factores e da súa posible evolución futura formuláronse cinco (5) escenarios futuros. Estes escenarios son a combinación dun contexto socioeconómico futuro resultado da evolución da poboación fundamentalmente e dun modelo ou sistema de recollida. Deste xeito, pódese determinar para que zonas (urbana, rururbana ou rural) é máis axeitado cada un dos sistemas segundo unha serie de factores de avaliación (custe, persoal, etc...).

A comparativa dos escenarios partirá dunha serie de hipóteses que tratan de caracterizar a sensibilidade dos sistemas respecto da variable crítica (a poboación) baixo unha igualdade do resto de variables. Neste senso, trátase de non introducir ningún sesgo de desexabilidade nos escenarios, acotando aqueles factores que poden posuír unha certa variabilidade dependendo de decisións cunha alta incertidume ou coa percepción de maior bondade dun sistema sobre o outro.

Polo tanto, os escenarios formúlanse baixo as seguintes hipóteses sobre os sistemas de recollida:

H1/ A cantidade en peso e volume recollido de RSU é bruta, en calquera das fraccións consideradas.

H2/ Considérase que a porcentaxe de impropios en cada fracción é a mesma independentemente do sistema de recollida seleccionado.

H3/ Considérase que as actividades son as mesmas para cada escenario, polo que non se teñen en conta na xeración e recollida tanto no caso de asimilables a domésticas como de Grandes Produtores.

Deste xeito, e tendo en conta as hipóteses sinaladas, formúlanse os seguintes escenarios, os cales serán descritos brevemente a continuación cos seus resultados.

Os cinco Escenarios son os seguintes:

- **Escenario Tendencial.**
- **Escenario Dinámico. Compostaxe Comunitaria**
